



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE DEZANOVE DE AGOSTO DE DOUS MIL VINTE E DOUS
(ACTA NÚMERO 31)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres/as. Deputados/as:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D^a. M^a del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

D. José Luis Raposo Magdalena

D. Mónica Freire Rancaño

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Gloria Baamonde Tomé

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **dezanove de agosto de dous mil vinte e dous**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario D. José Antonio Mourelle Cillero, e asiste como Interventora D^a Gloria Baamonde Tomé, Xefa do Servizo de Fiscalización.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA DOCE DE AGOSTO DE DOUS MIL VINTE E DOUS.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día doce de agosto de dous mil vinte e dous que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA PÓLIZA DE SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a acta da mesa de contratación do día 12 de agosto de 2022, na que se recolle o seguinte:

“Primeiro.- Valoración da documentación administrativa do art.150.2LCSP.

Segundo.-Proposta de adxudicación, se procede.

Antecedentes:

1. Orden de inicio de expediente, con CSV: IV7DTUJ7J7RDSSOTRTVMAQL74A
2. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7DTUJ4DUG6TDMN6MXVEBQWOI
3. Prego de prescricións técnicas,con CSV: IV7DTUJS3F64V7J6CUQSP5AEB4
4. Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7D4T3MDDWKVWRDW4YQGB36KM



5. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7D4QB5ED6LXPE76IESLZIOOA

6. Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado polo Secretario Xeral, con CSV: IV7D4QALDPWPX7Z3UQHXMUQRF4

7. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7D4X3LJ35P7SVDAMPTEFSOEE

8. Proposta de Presidencia, con CSV: IV7D427SZ37Z7KFLQ4PWFYCSAY

9. Acordo da Xunta de Goberno de data 03 de xuño de 2022, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7D4EBN3YO3VLH6VUOQ74AAOE

10. Acta da Mesa de Contratación do día 29 de xuño de 2022, con CSV: IV7DYHYIMEZT6VOL2AGGAIPP4Y que recolle as seguintes consideracións:

“Pola Presidencia procédese á lectura da orde do día que se recolle a continuación:

Contratación da póliza de seguro de responsabilidade civil xeral da Deputación Provincial de Lugo. Expediente nº: EXP2022CON_02/000034

Primeiro.- Apertura e calificación administrativa correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento.

Segundo.- Apertura criterios avaliábles automaticamente correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento.

Terceiro.- Valoración criterios avaliábles automaticamente correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento.

Pola Presidencia dáse conta que, no Servizo de Contratación, con carácter previo á constitución da Mesa, de conformidade co texto único das instrucións de aplicación da Lei de Contratos do Sector Público, procedeuse á apertura dos sobres que conteñen a declaración responsable sobre cumprimento de requisitos previos, dos licitadores concorrentes a esta licitación, que segundo os datos obrantes na plataforma de contratación do sector público son os seguintes:

- Caja de Seguros Reunidos Compañía de Seguros y Reaseguros S.A. (CASER SA)*
- Mapfre España S.A.*

Dada conta ao órgano de asistencia, a través da súa presidencia, de ditas actuacións previas, enterado este, e considerando que todas as empresas concorrentes presentaron dentro do prazo concedido a tales efectos as súas propostas, a mesa de contratación acorda admitir as ofertas presentadas por todos os licitadores, procedendo acto seguido á cualificación dos sobres electrónicos que conteñen a declaración responsable sobre cumprimento de requisitos previos, cos seguintes resultados: O Anexo I presentado polas empresas licitadoras axústase aos requisitos recollidos no PCAP.

A continuación procédese á apertura do sobre relativo aos criterios de adjudicación avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas, cos seguintes resultados:

Caja de Seguros Reunidos Compañía de Seguros y Reaseguros S.A. (CASER SA)

3.1) Criterio nº 1: Prezo do contrato: Ofrece a cantidade total de 84.856,16 euros/ano (IVE exento). A oferta exprésase en euros, axustada a un máximo de dous decimais.

3.2) Criterio nº 2: Rebaixa de franquicia xeral a 300 .-€ (marcar cunha “X” a opción escollida).

Si accede a incluír esta mellora.



3.3) *Criterio nº 3: Oferta un incremento do límite xeral por sinistro e ano de 6MM por sinistro e 12MM por período de seguro, euros.*

3.4) *Criterio nº 4: Incremento do sublímite por vítima en patronal e cruzada a 900.000 euros, (marcar cunha "X" a opción escollida).*

Si accede a incluír esta mellora nas coberturas

3.5) *Criterio nº 5: Incremento do límite para Prexuízos Patrimoniais Puros a 900.000 euros, (marcar cunha "X" a opción escollida).*

Si accede a incluír esta mellora nas coberturas.

3.6) *Criterio nº 6: Incremento do límite para LOPD na porcentaxe de 600.000€ por sinistro e 1.200.000€ por período de seguro. (debe incrementarse agregado anual e por sinistro mo mesmo %).*

3.7) *Criterio nº 7: Derogación da exclusión de actos normativos no ámbito de todas as garantías do prego que mencionan dita exclusión, (marcar cunha "X" a opción escollida).*

Non accede á derogación da exclusión.

3.8) *Criterio nº 8: Derogación das exclusións f/h das exclusión correspondentes ao PPP, (marcar cunha "X" a opción escollida).*

Non accede á derogación da exclusión f de PPP.

Non accede á derogación da exclusión h de PPP.

3.9) *Criterio nº 9: Retroactividade para aquelas reclamacións que no sexan feitos coñecidos polo asegurado e que se encontren fora do ámbito de aplicación do período de*

descubrimento da póliza anterior. Soamente terá efecto se existe a cobertura na póliza que acolle a retroactividade,(marcar cunha “X” a opción escollida).

SI accede a incluír esta mellora nas coberturas

3.10) Criterio nº 10: Oferta un incremento do límite para Responsabilidade Civil Publicitaria de 200.000€ por siniestro y periodo de seguro, euros.

3.11) Criterio nº 11: Inclusión da garantía Responsabilidade derivada de Responsabilidades por Alteración do Orde Público co sublímite por sinistro e ano de 300.000 .-Euros. (marcar cunha “X” a opción escollida).

Non accede a incluír esta mellora nas coberturas.

3.12) Criterio nº 12: Inclusión da garantía de Responsabilidade derivada da Perda ou Extravío de Documentos co sublímite por sinistro e ano de 300.000 .-Euros. ,(marcar cunha “X” a opción escollida).

Si accede a incluír esta mellora nas coberturas.

Mapfre España S.A.

3.1) Criterio nº 1: Prezo do contrato: Ofrece a cantidade total de oitenta e tres mil oitocentos cincuenta e tres euros e trinta e cinco céntimos (83.853,35 €) euros/ano (IVE exento). A oferta expresarase en euros, axustada a un máximo de dous decimais.

3.2) Criterio nº 2: Rebaixa de franquicia xeral a 300 .-€ (marcar cunha “X” a opción escollida).

SI accede a incluír esta mellora.



3.3) *Criterio nº 3: Oferta un incremento do límite xeral por sinistro e ano de tres millóns de euros (3.000.000 €), ofertando un límite de seis millóns de euros (6.000.000 €) por Sinistro e Anualidade de Seguro.*

3.4) *Criterio nº 4: Incremento do sublímite por vítima en patronal e cruzada a 900.000 euros, (marcar cunha “X” a opción escollida).*

SI accede a incluír esta mellora nas coberturas

3.5) *Criterio nº 5: Incremento do límite para Prexuízos Patrimoniais Puros a 900.000 euros, (marcar cunha “X” a opción escollida).*

SI accede a incluír esta mellora nas coberturas.

3.6) *Criterio nº 6: Incremento do límite para LOPD na porcentaxe do cincuenta por cento 50 % (debe incrementarse agregado anual e por sinistro mo mesmo %).*

3.7) *Criterio nº 7: Derogación da exclusión de actos normativos no ámbito de todas as garantías do prego que mencionan dita exclusión, (marcar cunha “X” a opción escollida).*

Non accede á derogación da exclusión.

3.8) *Criterio nº 8: Derogación das exclusións f/h das exclusión correspondentes ao PPP, (marcar cunha “X” a opción escollida).*

Non accede á derogación da exclusión f de PPP.

Non accede á derogación da exclusión h de PPP.

3.9) *Criterio nº 9: Retroactividade para aquelas reclamacións que no sexan feitos coñecidos polo asegurado e que se encontren fora do ámbito de aplicación do período de*

descubrimiento da póliza anterior. Soamente terá efecto se existe a cobertura na póliza que acolle a retroactividade,(marcar cunha “X” a opción escollida).

SI accede a incluír esta mellora nas coberturas

3.10) Criterio nº 10: Oferta un incremento do límite para Responsabilidade Civil Publicitaria de cen mil euros (100.000 €), ofertando un límite de douscentos mil euros (200.000 €) por sinistro e anualidade de seguro.

3.11) Criterio nº 11: Inclusión da garantía Responsabilidade derivada de Responsabilidades por Alteración do Orde Público co sublímite por sinistro e ano de 300.000 .-Euros. (marcar cunha “X” a opción escollida).

Non accede a incluír esta mellora nas coberturas.

3.12) Criterio nº 12: Inclusión da garantía de Responsabilidade derivada da Perda ou Extravío de Documentos co sublímite por sinistro e ano de 300.000 .-Euros ,(marcar cunha “X” a opción escollida).

Si accede a incluír esta mellora nas coberturas.

A Mesa comprobou que as ofertas de prima non están incursas en oferta desproporcionada ou anormalmente baixa e acordou realizar a valoración das ofertas nunha próxima reunión.”

11. Acta da Mesa de Contratación do día 08 de xullo de 2022, con CSV: IV7D2333ZE4T6SFTWBX6NAC74 que recolle as seguintes consideracións:

“Pola Presidencia procédese á lectura da orde do día que se recolle a continuación:

Contratación da Póliza de Seguro de Responsabilidade Civil Xeral da Deputación Provincial de Lugo. Expediente Nº: 2022/CON_02/000034



Primeiro.- Valoración criterios avaliados automáticamente correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento.

Segundo.- Requirimento de documentación, se procede.

Procédese á valoración dos criterios avaliados automáticamente, coas seguintes incidencias: A Oferta de Caser Seguros nos criterios 3.3 e 3.6 é a seguinte:

“3.3) Criterio nº 3: Oferta un incremento do límite xeral por sinistro e ano de 6MM por sinistro e 12MM por periodo de seguro, euros”.

“3.6) Criterio nº 6: Incremento do límite para LOPD na porcentaxe de 600.000€ por siniestro y 1.200.000€ por periodo de seguro. (debe incrementarse agregado anual e por sinistro mo mesmo %)”.

As ofertas de Caser Seguros nestes criterios apártanse totalmente do modelo anexo II e das previsións do prego, que non permite este engadido. Non resulta posible a súa avaliación ao reflectir dúas cantidades, non procedendo á puntuación de ditos criterios. No caso de resultar adxudicatario, aplicarase o mínimo previsto nos pregos.

Visto o antedito, a valoración dos criterios avaliados automáticamente é a seguinte:

		CASER SEGUROS SA	MAPFRE ESPAÑA SA	CASER SEGUROS SA	MAPFRE ESPAÑA SA
	Max.	OFERTA		VALORACION	
1 PRIMA	10,00	84.856,16	83.853,35	9,88	10,00
2 REBAIXA FRANQUICIA A 300 E	20,00	SI	SI	20,00	20,00
3 INCREMENTO DO LIMITE POR SINISTRO	10,00	--	3.000.000	--	10
4 INCREMENTO SUBLIMITE POR VITIMA	5,00	SI	SI	5	5
5 INCREMENTO LIMITE PREXUIZOS	5,00	SI	SI	5	5
6 INCREMENTO LIMITE LOPD	5,00	--	50%	--	5
7 DEROGACION EXCLUSION ACTOS NOR	5,00	non	non	0	0
8 DEROGACION EXCLUSIONS PPP	5,00	non	non	0	0
9 RETROACTIVIDADE	20,00	SI	SI	20	20
10 INCREMENTO LÍMITE RC PUBLI	5,00	200.000	100.000	5	2,5
11 INCLUSION GARANTIA	5,00	non	non	0	0
12 INCLUSION GARANTIA	5,00	si	si	5	5
PUNTUACIÓN TOTAL	100,00			69,88	82,50

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou, por unanimidade, elevar ao órgano de contratación o seguinte acordo:

1º.- Clasificar as ofertas admitidas atendendo á seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº DE ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN
1	MAPFRE ESPAÑA S.A.	82,50 puntos
2	CAJA DE SEGUROS REUNIDOS COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS S.A. (CASER SA)	69,88 puntos

2º.- Requirir á empresa Mapfre España S.A. para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

Importe de Adjudicación (orçamento de licitación sen IVE)	Importe da Garantía 5%
83.853,35	4.192,67 €

Contra o presente acto, por tratarse dun acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento.”

12.- Resolución da Presidencia do día 15 de xullo de 2022, con CSV: IV7D3QCSSL3R6Z5F5S4YSLYLF6U , pola que se acepta a proposta da mesa de contratación e se



procede á clasificación dos licitadores e se insta ó requirimento da documentación á que se refire o artigo 150 da LCSP ao licitador mellor clasificado.

Reunida a Mesa de Contratación a día de hoxe, 12 de agosto de 2022, aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que a licitadora MAPFRE ESPAÑA S.A. presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo e correctamente a documentación requirida pola Mesa na sesión precedente.

Incorpórase ao expediente o certificado de non ter débedas pendentes coa Deputación Provincial de Lugo.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

A mesa de contratación á vista da documentación que consta no expediente, acorda elevar ao órgano de contratación a seguinte proposta:

1º.- Aceptar a documentación presentada pola empresa Mapfre España S.A. e considerala completa.

2º.- Adxudicar á empresa Mapfre España S.A. con NIF: A28141935 a contratación da póliza de seguro de responsabilidade civil xeral da Deputación Provincial de Lugo, expediente nº: 2022/CON_02/000034, por un importe de oitenta e tres mil oitocentos cincuenta e tres euros e trinta e cinco céntimos (83.853,35 €) euros/ano (IVE exento) e tendo en conta as melloras ofertadas e que se relacionan a continuación:

- Rebaixa de franquicia xeral a 300-€

- Incremento do límite xeral por sinistro e ano de tres millóns de euros (3.000.000 €), ofertando un límite de seis millóns de euros (6.000.000 €) por Sinistro e Anualidade de Seguro.

- Incremento do sublímite por vítima en patronal e cruzada a 900.000 euros.

- Incremento do límite para Prexuízos Patrimoniais Puros a 900.000 euros.

- Incremento do límite para LOPD na porcentaxe de cincuenta por cento 50 %

- Oferta a retroactividade para aquelas reclamacións que no sexan feitos coñecidos polo asegurado e que se encontren fora do ámbito de aplicación do período de descubrimento da póliza anterior. Soamente terá efecto se existe a cobertura na póliza que acolle a retroactividade.

- Incremento do límite para Responsabilidade Civil Publicitaria de cen mil euros (100.000 €), ofertando un límite de douscentos mil euros (200.000 €) por sinistro e anualidade de seguro.

- Inclusión da garantía de Responsabilidade derivada da Perda ou Extravío de Documentos co sublímite por sinistro e ano de 300.000 Euros.

3°.- A duración do contrato establécese en un ano. O contrato poderá prorrogarse de ano en ano sen que a duración total poda exceder dos 4 anos (1+1+1+1).

4°.- Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as 13:46 horas do día de referencia, de todo o cal eu a Secretaria da Mesa, Certifico.

A presente asínase de xeito dixital, deixando constancia do acontecido na sesión da mesa de contratación sinalada no encabezado.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte Acordo:



1º.- Adjudicar á empresa Mapfre España S.A. con NIF: A28141935, a contratación da póliza de seguro de responsabilidade civil xeral da Deputación Provincial de Lugo, expediente nº: 2022/CON_02/000034, por un importe de oitenta e tres mil oitocentos cincuenta e tres euros e trinta e cinco céntimos (83.853,35 €) euros/ano (IVE exento) e tendo en conta as melloras ofertadas e que se relacionan a continuación:

- Rebaixa de franquicia xeral a 300 €
- Incremento do límite xeral por sinistro e ano de tres millóns de euros (3.000.000 €), ofertando un límite de seis millóns de euros (6.000.000 €) por Sinistro e Anualidade de Seguro.
- Incremento do sublímite por vítima en patronal e cruzada a 900.000 euros.
- Incremento do límite para Prexuízos Patrimoniais Puros a 900.000 euros.
- Incremento do límite para LOPD na porcentaxe de cincuenta por cento 50 %
- Oferta a retroactividade para aquelas reclamacións que no sexan feitos coñecidos polo asegurado e que se encontren fora do ámbito de aplicación do período de descubrimento da póliza anterior. Soamente terá efecto se existe a cobertura na póliza que acolle a retroactividade.
- Incremento do límite para Responsabilidade Civil Publicitaria de cen mil euros (100.000 €), ofertando un límite de douscentos mil euros (200.000 €) por sinistro e anualidade de seguro.
- Inclusión da garantía de Responsabilidade derivada da Perda ou Extravío de Documentos co sublímite por sinistro e ano de 300.000 Euros.

2º.- A duración do contrato establécese en un ano. O contrato poderá prorrogarse de ano en ano sen que a duración total poda exceder dos 4 anos (1+1+1+1). Este prazo empezará a contar dende ás 00.00 horas do día 31 de agosto de 2022 ao ser a data de vencemento da póliza vixente, con independencia da data en que se formalice ao tratarse de un contrato privado, suxeito en canto aos efectos e cumprimento ao dereito privado e singularmente á Lei 50/1980, do 8 de outubro, de

contratos de seguro, ao establecer no artigo 6º que por acordo das partes, os efectos de seguro poderán retrotraerse ao momento da solicitude ou de formalización da proposición salvo circunstancias excepcionais non previstas, en aplicación do artigo 153 da LCSP.

3º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

4º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

5º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación aos licitadores, sen que se houberse interposto recurso especial en materia de contratación, que leve aparelada a suspensión da formalización.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE ADXUDICACIÓN DE OBRAS.

Primeiro.- *Proposta de adxudicación da contratación da obra: Xermade.- Acondicionamento da estrada provincial LU-P-2204 “Momán (LU-170) – límite provincial A Coruña (As Pontes)”, p.k. 8+340 a 9+802.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 12-08-2022, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:



“Antecedentes.

1. Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7CGXKDH3525KECAT7REVKG54¹

2. Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras identificadas como: Xermade.- Acondicionamento da estrada provincial LU-P-2204 “Momán (LU-170) – límite provincial A Coruña (As Pontes)”, p.k. 8+340 a 9+802, con CSV: IV7C3XH5ADZOLHWZ4MHG6HROAE

3. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7CE2HILIN4LHZZQRFS6QYGMQ

4. Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7DVXIIHF6N3VJKXRFFCHSBKM

5. Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7DVXJNFBZKRDENS76BCQRAP4

6. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7DVXQ7F567KSJJYAYDCI2PKU

7. Acordo da Xunta de Goberno, de data 29/04/2022, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas, o proxecto, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7DW2RYLQMY3G7T45QBGZZFKI

8. Publicación, o día 29/04/2022, do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

¹ Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

9. Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación d Sector Público.

10. Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 26/05/2022, para apertura da documentación administrativa e oferta técnica – criterio xuízo de valor- , con CSV: IV7DSLANN5U5R7JLBT7CIUABN4

De conformidade coa acta correspondente á sesión da Mesa de Contratación deuse conta das empresas presentadas á contratación do referido expediente e tendo en conta que os licitadores concorrentes presentaron as súas propostas dentro do prazo estipulado, procedeuse á apertura e exame dos sobres “documentación administrativa”, resultando que todas presentan a documentación correctamente. A mesa de contratación acordou admitir todas as propostas presentadas ao proceso de adxudicación.

Acto seguido procedeuse á apertura do arquivo “oferta técnica”, que unha vez abertos remitiuse ao Servizo de Vías e Obras para que foran revisados, analizados e valorados de acordo co establecido no PCAP.

11. Acta da Mesa de Contratación, con CSV: IV7D6MPOBVZIJPZ4Y35Q6DRUIM, reunida en acto público con data 20/06/2022 dando conta dos informes do Servizo de Vías e Obras en relación coa valoración da oferta técnica – criterios xuízo de valor-, acordando deixalos encima da mesa para un mellor estudo e sexa convocada novamente mesa.

12. Acta da Mesa de Contratación, con CSV: IV7DYL73JFVTZBO32QGXIVQUEQ, reunida en acto público con data 01/07/2022, dando conta do informe do Servizo de Vías e Obras, en relación coa valoración da oferta técnica –criterio xuízo de valor-, do que resulta:

EMPRESA	PUNTOS
FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	15,75
GRUPO BASCUAS 2008 SL	13
HERMANOS PICO YAÑEZ SL	12



OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	12
PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU	12

Así mesmo procedeuse á apertura das ofertas económicas, resultando:

XERMADE - ACONDICIONAMENTO DA ESTRADA PROVINCIAL LU-P-2204 "MOMÁN (LU-170) – LÍMITE PROVINCIAL A CORUÑA (AS PONTES)", P.K. 8+340 A 9+802	313.654,40		
ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído)			
VALOR ESTIMADO	259.218,51	54.435,89	IVE. PARTIDA INDEPEND
CLASIFICACION EXIGIDA:			
PRAZO DE EXECUCION:	8 MESES		
	5.184,37 €		

EMPRESAS / (GRUPO)	DOC "A"	OBJETIVOS (80)				CRITERIO DESEMPATE
		PREZO (IVE incluído - art 102) (60)	MELLORAS (lonxitude CUNETA (10)	AUMENTO PRAZO GARANTÍA 2 ANOS (5)	PROGRAMA DIVULGACIÓN (5)	Plantel / Discapacitados
1 FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL		297.828,00 €	0	SI	1.036,88	192/3
2 GRUPO BASCUAS 2008 SL		300.480,91 €	0	SI	0,00	104/3
3 HERMANOS PICO YAÑEZ SL		306.112,60 €	0	SI	100,00	11/0
4 OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU		307.340,00 €	0	NO	0,00	48/1
5 PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU		313.654,40 €	125	NO	0,00	163/4

Tendo en conta o anterior, procedeuse á valoración das ofertas mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra e incorporando a puntuación obtida na valoración dos criterios de adjudicación cuantificables mediante xuízo de valor. Unha vez feita a valoración, obtívoase o seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)	OBJETIVOS (80)								XUIZO DE VALOR - SUBJECTIVOS (20)		TOTAL
	PREZO (60)		MELLORAS (...) (10)		AUMENTO PRAZO DE GARANTIA 2 ANOS (5)		PROGRAMA DIVULGACIÓN OBRAS (5)		MEMORIA TÉCNICA		
	OFERTA (INCLUIDO IVA)	PTOS	m Lonxitude CUNETA triangular	PTOS	SI/NO	PTOS	MAXIMO 2% V.E. IMPORT E	5.184,37	SEGUNDO INFORME TÉCNICO		
1 FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	297.828,00 €	60,00	0,00 €	0,00	SI	5,00	1.036,88	5,00	15,75	85,75	
2 GRUPO BASCUAS 2008 SL	300.480,91 €	49,94	0,00 €	0,00	SI	5,00	0,00	0,00	13,00	67,94	
3 HERMANOS PICO YAÑEZ SL	306.112,60 €	28,59	0,00 €	0,00	SI	5,00	100,00	0,48	12,00	46,07	
4 OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	307.340,00 €	23,94	0,00 €	0,00	NO	0,00	0,00	0,00	12,00	35,94	
5 PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU	313.654,40 €	0,00	125,00 €	10,00	NO	0,00	0,00	0,00	12,00	22,00	

De seguido, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no PCAP, no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS		OFERTA
		Oferta
1	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	297.828,00 €
2	GRUPO BASCUAS 2008 SL	300.480,91 €
3	HERMANOS PICO YAÑEZ SL	306.112,60 €
4	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	A 307.340,00 €
5	PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU	A 313.654,40 €

MEDIA
302.940,38

BAIXA
DESPROPORCIONADA
272.646,34

10% ARRIBA
333.234,42

Non se teñen en conta a efectos de cálculo de baixa desproporcionada por pertenza con outra empresa a un mesmo grupo:
PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU

Tendo en conta que ningunha das ofertas incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, a Mesa acordou en dita sesión, por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

a) Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, de acordo co artigo 150 da LCSP co seguinte resultado:

EMPRESAS/(GRUPO)		TOTAL PUNTOS
1	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	85,75
2	GRUPO BASCUAS 2008 SL	67,94
3	HERMANOS PICO YAÑEZ SL	46,07
4	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	A 35,94
5	PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU	A 22,00

b) Requirir á Francisco Gómez y Cía SL para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, -sempre que no se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) nin no Rexistro Xeral de contratistas de CCAA- e acredite a efectiva disposición dos medios mínimos establecidos no PCAP, e a constitución da garantía definitiva por importe de 12.306,94 euros, que supón o 5% do prezo de adjudicación, sen IVE, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado,



entenderáse que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3% do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

13. Por resolución da Presidencia de data 11/07/2022, con CSV: IV7D23YZLI7MXTPORQNFCN2WEM, clasificouse aos licitadores presentados e acordouse requirir á empresa Francisco Gómez y Cía SL, para que dentro do prazo de dez hábiles, presentara a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, séndolle notificada á indicada mercantil, a través da Plataforma de Contratos do Sector público, o día 15/07/2022, rematando o prazo de presentación o día 01/08/2022. A mercantil Francisco Gómez y Cía SL, presentou a documentación requirida o 29/07/2022 a través da plataforma de contratos do sector público.

Reunida a Mesa o día de hoxe, 12-08-2022, ós efectos da valoración da documentación do artigo 150 da LCSP, remitida como contestación ó requirimento e a súa cualificación, compróbase que a empresa Francisco Gómez y Cia SL presenta correctamente a documentación requirida, en tempo e forma.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles remitiu a documentación achegada; ao non facer observación algunha neste senso enténdese que a documentación presentada pola licitadora é correcta, polo que a mesa de contratación, considera cumprimentado correctamente o requirimento á mellor oferta, de xeito que, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

*1. Adxudicar á empresa Francisco Gómez y Cía SL con C.I.F. B-15009533 representada por D. Alberto López Martín, con DNI ***4709**, a contratación da obra denominada Xermade.- Acondicionamento da estrada provincial LU-P-2204 “Momán (LU-170) – límite provincial A Coruña (As Pontes)”, P.K. 8+340 A 9+802 no prezo de 297.828,00 €, dos cales 51.689,16€ corresponden ao IVE (21%); un aumento do prazo de garantía de 2 anos, e un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 1.036,88€ mais IVE e un prazo de execución de 7 meses (o proxecto prevé 8 e segundo oferta técnica reduce 1 mes), e co cumprimento da súa oferta técnica.*

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición o aumento do prazo de garantía o programa de divulgación e posta en valor das obras executadas, a achega o plan de seguridade e a constitución e pagamento da póliza todo riscos construción, de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

2. Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

3. Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

4. Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

5. Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma”.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización “de conformidade”, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte Acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Francisco Gómez y Cía SL con C.I.F. B-15009533 representada por D. Alberto López Martín, con DNI ***4709**, a contratación da obra denominada Xermade.- Acondicionamento da estrada provincial LU-P-2204 “Momán (LU-170) – límite provincial A Coruña (As Pontes)”, P.K. 8+340 A 9+802 no prezo de 297.828,00 €, dos cales 51.689,16€



corresponden ao IVE (21%); un aumento do prazo de garantía de 2 anos, e un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 1.036,88€ mais IVE e un prazo de execución de 7 meses (o proxecto prevé 8 e segundo oferta técnica reduce 1 mes), e co cumprimento da súa oferta técnica.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición o aumento do prazo de garantía o programa de divulgación e posta en valor das obras executadas, a achega o plan de seguridade e a constitución e pagamento da póliza todo riscos construción, de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP

2º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

3º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

4º.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

5º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta de adxudicación da contratación da obra: Pedrafita do Cebreiro.- Acondicionamento da LU-P-1301 “Seoane do Courel (LU-651) – Hospital (LU-633) e ramais a Piñeira e Lousada-Vilela”, p.k 7+350 a 8+670.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 12-08-2022, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes.

1. *Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7CFSICL3ROISNJDV6AGY3DCU²*

2. *Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras identificadas como: Pedrafita do Cebreiro.- Acondicionamento da LU-P-1301 “Seoane do Courel (LU-651) – Hospital (LU-633) e ramais a Piñeira e Lousada-Vilela”, P.K 7+350 A 8+670, con CSV: IV7CEHL3YAEOV2JCSQNTMNXQ6U*

3. *Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7CGTPSAAZJ3LJIQEAFGHQDM4*

4. *Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7DVXIJZ5ZNLNBZ3XYBAD2A6U*

5. *Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7DVXJNFHVI3777CMUBKRBOPY*

6. *Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7DVXXJBBZP2X55UEXEA4DVNY*

² Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



7. Acordo da Xunta de Goberno, de data 29/04/2022, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas, o proxecto, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7DW2R6PUWMTX5YCFACA5ICOI

8. Publicación, o día 29/04/2022, do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

9. Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación d Sector Público.

10. Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 26/05/2022, para apertura da documentación administrativa e oferta técnica – criterio xuízo de valor- , con CSV: IV7DSLANMAWD5SGZYI7TEBYWAQ

De conformidade coa acta correspondente á sesión da Mesa de Contratación deuse conta das empresas presentadas á contratación do referido expediente e tendo en conta que os licitadores concorrentes presentaron as súas propostas dentro do prazo estipulado, procedeuse á apertura e exame dos sobres “documentación administrativa”, resultando que todas presentan a documentación correctamente. A mesa de contratación acordou admitir todas as propostas presentadas ao proceso de adxudicación.

Acto seguido procedeuse á apertura do arquivo “oferta técnica”, que unha vez abertos remitiuse ao Servizo de Vías e Obras para que foran revisados, analizados e valorados de acordo co establecido no PCAP.

11. Acta da Mesa de Contratación, con CSV: IV7D6MPOBVZIJPZ4Y35Q6DRUIM, reunida en acto público con data 20/06/2022 dando conta dos informes do Servizo de Vías e Obras en relación coa valoración da oferta técnica – criterios xuízo de valor-, acordando deixalos encima da mesa para un mellor estudo e sexa convocada novamente mesa.

12. Acta da Mesa de Contratación, con CSV: IV7DYL73JHWZTTO663XTONXPOI, reunida en acto público con data 01/07/2022, dando conta do informe do Servizo de Vías e Obras, en relación coa valoración da oferta técnica –criterio xuízo de valor-, do que resulta:

EMPRESA	PUNTOS
OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	8,75
VAZPER 3 SL	12,50

Así mesmo procedeuse á apertura das ofertas económicas, resultando:

PEDRAFITA DO CEBREIRO.- ACONDICIONAMENTO DA LU-P-1301 "SEOANE DO COUREL (LU-651) – HOSPITAL (LU-633) E RAMAIS A PIÑEIRA E LOUSADA-VILELA". P.K 7+350 A 8+670

ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído)

284.948,57

VALOR ESTIMADO

235.494,69

IVE. PARTIDA INDEPEND

CLASIFICACION EXIGIDA:

PRAZO DE EXECUCION:

6 MESES

4.709,89 €

EMPRESAS / (GRUPO)	DOC "A"	OBJETIVOS (80)				CRITERIO DESEMPATE
		PREZO (IVE incluído - art 102) (60)	MELLORAS (lonxitude BARREIRA (10)	AUMENTO PRAZO GARANTÍA 2 ANOS (5)	PROGRAMA DIVULGACIÓN (5)	Plantel / Discapacitados
1 OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU		280.720,00 €	0	NO	0,00	48/1
2 VAZPER 3 SL		274.263,00 €	50	SI	1.500,00	14/1

Tendo en conta o anterior, procedeuse á valoración das ofertas mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra e incorporando a puntuación obtida na valoración dos criterios de adjudicación cuantificables mediante xuízo de valor. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)	OBJETIVOS (80)								XUÍZO DE VALOR - SUBXECTIVOS (20)	TOTAL
	PREZO (60)		MELLORAS (...) (10)		AUMENTO PRAZO DE GARANTIA 2 ANOS (5)		PROGRAMA DIVULGACIÓN OBRAS (5)		MEMORIA TÉCNICA	
	OFERTA (INCLUIDO IVA)		m Lonxitude BARREIRA METALICA		SI/NO		MAXIMO 2% V.E. 4.709,89		SEGUNDO INFORME TÉCNICO	
	PTOS	UNIDADES	PTOS	SI/NO	PTOS	IMPORTE	PTOS	PTOS		
1 OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	280.720,00 €	23,74	0,00 €	0,00	NO	0,00	0,00	0,00	8,75	32,49
2 VAZPER 3 SL	274.263,00 €	60,00	50,00 €	10,00	SI	5,00	1.500,00	5,00	12,50	92,50

De seguido, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no PCAP, no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:



EMPRESAS		OFERTA	BAIXA (20% OUTRA)
		Oferta	
1	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	280.720,00 €	219.410,40
2	VAZPER 3 SL	274.263,00 €	224.576,00

Tendo en conta que ningunha das ofertas incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, a Mesa acordou en dita sesión, por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

a) Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, de acordo co artigo 150 da LCSP co seguinte resultado:

EMPRESA / (GRUPO)		TOTAL
1	VAZPER 3 SL	92,50
2	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	32,49

b) Requirir á Vazper 3 SL para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, -sempre que no se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) nin no Rexistro Xeral de contratistas de CCAA- e acredite a efectiva disposición dos medios mínimos establecidos no PCAP, e a constitución da garantía definitiva por importe de 11.333,18 euros, que supón o 5% do prezo de adjudicación, sen IVE, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderáse que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3% do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

13. Por resolución da Presidencia de data 11/07/2022, con CSV: IV7D23YZH5N7SSVI5RABOEASFY, clasificouse aos licitadores presentados e acordouse requirir á empresa VAZPER 3 SL, para que dentro do prazo de dez hábiles, presentara a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, séndolle notificada á indicada mercantil, a través da Plataforma de

Contratos do Sector público, o día 15/07/2022, rematando o prazo de presentación o día 01/08/2022. A mercantil VAZPER 3 SL, presentou a documentación requirida o 01/08/2022 a través da plataforma de contratos do sector público.

Reunida a Mesa o día de hoxe, 12-08-2022 ós efectos da valoración da documentación do artigo 150 da LCSP, remitida como contestación ó requirimento e a súa cualificación, compróbase que a empresa VAZPER 3 SL presenta correctamente a documentación requirida, en tempo e forma.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles remitiu a documentación achegada ao non facer observación algunha neste senso enténdese que a documentación presentada pola licitadora é correcta, polo que a mesa de contratación, considera cumprimentado correctamente o requirimento á mellor oferta, de xeito que, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

*1. Adxudicar á empresa Vazper 3 SL con C.I.F. B-24273302 representada por D. Manuel Vazquez Pardo, con DNI ***5311**, a contratación da obra denominada Pedrafita do Cebreiro.-Acondicionamento da LU-P-1301 “Seoane do Courel (LU-651) – Hospital (LU-633) e ramais a Piñeira e Lousada-Vilela”, P.K 7+350 A 8+670, no prezo de 274.263,00 €, dos cales 47.599,36€ corresponden ao IVE (21%); unhas melloras de obra de 50 m de barreira de seguridade, coas características definidas no PCAP; un aumento do prazo de garantía de 2 anos; un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas de 1.500,00€ mais IVE e un prazo de execución de 5 meses (o proxecto prevé 6 meses e na oferta técnica a mercantil declara a redución de 1 mes) e co cumprimento da súa oferta técnica.*

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición o aumento do prazo de garantía o programa de divulgación e posta en valor das obras executadas, a achega o plan de seguridade e a constitución e pagamento da póliza todo riscos construción, de acordo e nos termos establecidos no PCAP.



Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

2. Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

3. Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

4. Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

5. Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma”.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización “de conformidade”, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte Acordo:

b) Requirir a Ovisa Pavimentos y Obras SLU para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, -sempre que no se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) nin no Rexistro Xeral de contratistas de CCAA- e acredite a efectiva disposición dos medios mínimos establecidos no PCAP, e a constitución da garantía definitiva por importe de 5.500,00 euros, que supón o 5% do prezo de adxudicación, sen IVE, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderáse que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3% do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

13. Por resolución da Presidencia de data 08/07/2022, con CSV: IV7D23Y4DZO7JVMYWP5XID2DGQ, clasificouse aos licitadores presentados e acordouse requirir á empresa Ovisa Pavimentos y Obras SLU, para que dentro do prazo de dez hábiles, presentara a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, séndolle notificada á indicada mercantil, a través da Plataforma de Contratos do Sector público, o día 15/07/2022, rematando o prazo de presentación o día 01/08/2022. A mercantil Ovisa Pavimentos Y Obras SLU, presentou a documentación requirida o 01/08/2022 a través da plataforma de contratos do sector público.



Reunida a Mesa o día de hoxe, 12-08-2022 ós efectos da valoración da documentación do artigo 150 da LCSP, remitida como contestación ó requirimento e a súa cualificación, compróbase que a empresa Ovisa Pavimentos y Obras SLU presenta correctamente a documentación requirida, en tempo e forma.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles remitiu a documentación achegada non facer observación algunha neste senso enténdese que a documentación presentada pola licitadora é correcta, polo que a mesa de contratación, considera cumprimentado correctamente o requirimento á mellor oferta, de xeito que, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

*1. Adjudicar á empresa Ovisa Pavimentos y Obras SLU con C.I.F. B-15016207 representada por D. Juan Sanmartin Ferreiro, con DNI ***7191**, a contratación da obra denominada Sober.- Acondicionamento LU-P-5903 “Sober-Doade”, P.K. 12+845 a 15+350 no prezo de 133.100,00 €, dos cales 23.100,00€ corresponden ao IVE (21%); un aumento do prazo de garantía de 2 anos, e un prazo de execución de 3 meses e co cumprimento da súa oferta técnica.*

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición o aumento do prazo de garantía o programa de divulgación e posta en valor das obras executadas, a achega o plan de seguridade e a constitución e pagamento da póliza todo riscos construción, de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

2. Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adjudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

3. Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala, unha vez notificado o acordo.

4. Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

5. Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma”.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización “de conformidade”, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte Acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Ovisa Pavimentos y Obras SLU con C.I.F. B-15016207 representada por D. Juan Sanmartin Ferreiro, con DNI ***7191**, a contratación da obra denominada Sober.- Acondicionamento LU-P-5903 “Sober-Doade”, P.K. 12+845 a 15+350 no prezo de 133.100,00 €, dos cales 23.100,00€ corresponden ao IVE (21%); un aumento do prazo de garantía de 2 anos, e un prazo de execución de 3 meses e co cumprimento da súa oferta técnica.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición o aumento do prazo de garantía o programa de divulgación e posta en valor das obras executadas, a achega o plan de seguridade e a constitución e pagamento da póliza todo riscos construción, de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP

2º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.



3º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

4º.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

5º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE MODIFICACIÓNS DE PROXECTOS E REMANENTES DO PLAN ÚNICO 2021.

Primeiro.- *Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito da alcaldía do Concello de Pedrafita do Cebreiro, solicitando modificación de proxecto de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación dos Concellos 2021.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Pedrafita do Cebreiro no que solicita a modificación do proxecto de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación dos Concellos 2021, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 29/12/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 12-01-2021.

2. Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para a adxudicación das obras, ou o acordo da súa execución por administración, e a formalización dos contratos, de proceder, debería de ser adoptado na data límite do 30 de novembro de 2021.

3. O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 30/03/2021.

4. Por acordo da Xunta de Goberno de data 18/02/2022 incluíuse, con cargo a remanentes, no plan único 2021:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
PEDRAFITA DO CEBREIRO	REM	RECONSTRUCCIÓN DE MURO TRADICIONAL DE PEDRA PARA CONTENCIÓN DE TERRAS NO ACCESO AO NÚCLEO DE ACIVO	---	1.996,49€	1.996,49€

5. O concello achegou os correspondente anexo IV, relativo ao acordo de executar o investimento “por administración”.

6. A Alcaldía do Concello de Pedrafita do Cebreiro a través de escrito con RE nº 2022RT011197 de data 09-08-2022 solicita:

a) A modificación/substitución do investimento incluído inicialmente no Plan Único 2021, concretamente o investimento nº remanentes, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica “... substituír partida por incremento de material...”, polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
PEDRAFITA DO CEBREIRO	REM	MODIFICADO RECONSTRUCCIÓN DE MURO TRADICIONAL DE PEDRA PARA CONTENCIÓN DE TERRAS NO ACCESO AO NÚCLEO DE ACIVO	---	1.996,49€	1.996,49€



7. A base 17, indica que “... se para a execución dos investimentos xorde a necesidade de modificar o proxecto de obra, o concello deberá tramitar o correspondente expediente (...) que deberá ser aprobado polo Concello e pola Xunta de Goberno da Deputación. Se o investimento xa esta adxudicado, deberá contar coa conformidade do contratista adxudicatario, así como co informe favorable da Secretaría municipal, e no caso de que exista incremento do seu orzamento, deberá contar tamén cun informe favorable da Intervención do Concello”. Así mesmo tamén sinala “... calquera incremento que se derive de modificación de contrato, ... deberá ser financiado integramente polo Concello, salvo aquelas modificacións, (...) que se produzan na execución de contratos en cuxa licitación se produciran baixas imputables á achega da Deputación, en cuxo caso poderán ser imputables á achega da Deputación ata o importe inicial comprometido, previa solicitude do Concello e aprobación pola Xunta de Goberno da Deputación”.

8. A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.

9. Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases do Plan Único 2021, é a Xunta de Goberno.

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación do proxecto do investimento relativo ao Concello de Pedrafita do Cebreiro que se sinala, e que queda incluído no Plan Único 2021.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Pedrafita do Cebreiro, e en consecuencia, aprobar a modificación do proxecto do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o plan único de Cooperación cos concellos 2021 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
PEDRAFITA DO CEBREIRO	REM	MODIFICADO RECONSTRUCCIÓN DE MURO TRADICIONAL DE PEDRA PARA CONTENCIÓN DE TERRAS NO ACCESO AO NÚCLEO DE ACIVO	---	1.996,49€	1.996,49€

2º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito da alcaldía do Concello de Bóveda, solicitando modificación de proxecto de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021 e aplicación de remanentes.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:



“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Bóveda no que solicita a modificación de proxecto de investimentos e aplicación de remanentes na adxudicación dos investimentos (36,37,38) incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 29/12/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 12-01-2021.

2. Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para a adxudicación das obras, ou o acordo da súa execución por administración, e a formalización dos contratos, de proceder, debería de ser adoptado na data límite do 30 de novembro de 2021.

3. O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 30/03/2021, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
BÓVEDA	37	PAVIMENTACIÓN DOS ACCESOS A PAREDES, REBOREDO, BÓVEDA E O GRUÑEDO, INCLUÍDO HONORARIOS	0,00 €	61.692,46 €	61.692,46 €

4. Por acordo da Xunta de Goberno de data 19/11/2021 aprobouse modificado do investimento nº 38, minorado ca cantidade de 20.910,95€, determinando que dito importe teña consideración de remanente.

5. O concello indicado achegou os correspondentes anexos III ou IV, nos que se concretan as baixas producidas nas licitacións dos investimentos incluídos no Plan único, e que se indican a continuación:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
BÓVEDA	36	PAVIMENTACIÓN CON MEZCLA ASFÁLTICA EN QUENTE DOS ACCESOS A GUNTIN, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	5.244,11 €
	37	PAVIMENTACIÓN DOS ACCESOS A PAREDES, REBOREDO, BÓVEDA E O GRUÑEDO, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	5.921,52 €

38	MODIFICADO OBRA E INSTALACIÓN DE SISTEMA DE TELEMEDIDA PARA ABASTECIMIENTO DE AUGA MUNICIPAL, INCLUÍDO HONORARIOS	1610.76201	2.701,05 €
----	---	------------	------------

5. Na base 11, establécese “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento /actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:

- Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).

- Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2022, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

- Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

- Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.

- Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán executados e xustificados nos mesmos prazos que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, executaranse na data límite do 31 de outubro de 2022 e xustificaranse na data límite do 15 de novembro de 2022.

6. Na base 11 establécese “...Calquera incremento que se derive da modificación do contrato, de certificacións finais e liquidacións ou de calquera outro concepto deberá ser financiado integramente polo concello, salvo aquelas modificacións, certificacións finais ou liquidacións, legalmente tramitadas, que se produzan na execución de contratos en cuxa licitación



se produciran baixas imputables á achega da Deputación, en cuxo caso poderán ser imputables á achega da Deputación ata o importe inicial comprometido, previa solicitude do Concello e aprobación pola Xunta de Goberno desta Deputación”.

7. A Alcaldía do Concello de Bóveda a través de escritos con RE nº 2022RT009734 de data 30/06/2022 e 2022RT010003 de 07/07/2022 e posteriores aclaracións e emendas, solicita:

a) A modificación do proxecto do investimento incluído inicialmente no Plan Único 2021, concretamente o investimento nº 37, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica “... ser executado parcialmente por adxudicataria da obra de ADIF..” polo que deseguido se indica, co orzamento e financiación que se sinala, unha vez aplicada a baixa porcentual da adxudicación, así como o financiamento do incremento do modificado con cargo a remanentes producidos na adxudicación da obra, quedando:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
BÓVEDA	37	MODIFICADO PAVIMENTACIÓN DOS ACCESOS A PAREDES, REBOREDO, BÓVEDA E O GRUÑEDO, INCLUÍDO HONORARIOS	0,00 €	40.013,04 €	40.013,04€

b) A aplicación do importe sobrante resultado do modificado, así como os remanentes producidos no resto de adxudicacións nas seguintes actuacións, constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN (REM + € MODIFICADOS)	TOTAL INVESTIMENTO
BÓVEDA	REM	REPARACIÓN DE VIAL DE ACCESO A REMESAR SUR, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	5.921,52€	26.923,53€	32.845,05 €
BÓVEDA	REM	INSTALACIÓN DE CONTADORES DE TELEMEDIDA PARA ABASTECIMENTO DE AUGA EN BÓVEDA, VER, OS PAXAROS, RIBAS PEQUENAS, CHORENTE, A ÁSPERA, VILALPAPE, TUIMIL, REGO DA IDE, BARXE, SAN FIZ, EIMER, GRUÑEDO, RUBIÁN, RIBEIRA, AGRA E XULLÁN	1610.76201	0,00€	23.612,00 €	23.612,00 €

8. A base 17, indica que “... se para a execución dos investimentos xorde a necesidade de modificar o proxecto de obra, o concello deberá tramitar o correspondente expediente (...) que

deberá ser aprobado polo Concello e pola Xunta de Goberno da Deputación. Se o investimento xa esta adxudicado, deberá contar coa conformidade do contratista adxudicatario, así como co informe favorable da Secretaría municipal, e no caso de que exista incremento do seu orzamento, deberá contar tamén cun informe favorable da Intervención do Concello”. Así mesmo tamén sinala “... calquera incremento que se derive de modificación de contrato, ... deberá ser financiado integramente polo Concello, salvo aquelas modificacións, (...) que se produzan na execución de contratos en cuxa licitación se produciran baixas imputables á achega da Deputación, en cuxo caso poderán ser imputables á achega da Deputación ata o importe inicial comprometido, previa solicitude do Concello e aprobación pola Xunta de Goberno da Deputación”.

9. A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.

10. Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases do Plan Único 2021, é a Xunta de Goberno.

Conclusión

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación do proxecto do investimento (37) relativo ao Concello de Bóveda que se sinala, así como a financiación con cargo a remanentes e de minoracións como resultado dos modificados, dos investimentos propostos polo Concello e que quedan incluído no Plan Único 2021.



E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Bóveda, e en consecuencia:

a. Aprobar a modificación do proxecto do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o plan único de Cooperación cos concellos 2021 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
BÓVEDA	37	MODIFICADO PAVIMENTACIÓN DOS ACCESOS A PAREDES, REBOREDO, BÓVEDA E O GRUÑEDO, INCLUÍDO HONORARIOS	0,00 €	40.013,04 €	40.013,04€

b. Incluír no PUC/21, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos nas adxudicacións e aforros producidos como consecuencia dos modificados dos proxectos efectuados, os investimentos que deseguido se indican, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN (REM + € MODIFICADOS)	TOTAL INVESTIMENTO
BÓVEDA	REM	REPARACIÓN DE VIAL DE ACCESO A REMESAR SUR, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	5.921,52€	26.923,53€	32.845,05 €
BÓVEDA	REM	INSTALACIÓN DE CONTADORES DE TELEMEDIDA PARA ABASTECIMENTO DE AUGA EN BÓVEDA, VER, OS PAXAROS, RIBAS PEQUENAS, CHORENTE, A ÁSPERA, VILALPAPE, TUIMIL, REGO DA IDE, BARXE, SAN FIZ, EIMER, GRUÑEDO, RUBIÁN, RIBEIRA, AGRA E XULLÁN	1610.76201	0,00€	23.612,00 €	23.612,00 €

2º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito da alcaldía do Concello de Burela, solicitando modificación de proxecto de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021 e adxudicación do mesmo.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Burela no que solicita a modificación de proxecto de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021, e adxudicación do mesmo, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 29/12/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 12-01-2021.

2. Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para a adxudicación das obras, ou o acordo da súa execución por administración, e a formalización dos contratos, de proceder, debería de ser adoptado na data límite do 30 de novembro de 2021.

3. O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 30/03/2021, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:



CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
BURELA	39	REHABILITACIÓN DE FIRMES E MELLORA DE INSTALACIÓNS EN RÚA CAMIÑO REAL, INCLUÍDO HONORARIOS	9.500,00	66.365,87€	75.865,87€

4. A Alcaldía do Concello de Burela a través de escrito con RE nº 2022RT010635 de data 22/07/2022, e posteriores aclaracións e emendas, solicita:

a) A modificación a modificación do investimento incluído inicialmente no Plan Único 2021, concretamente o investimento nº 39, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica “...non se recibiu oferta de ningunha empresa polo que se encargou a redacción dun novo proxecto cun orzamento actualizado...”, polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
BURELA	39	MODIFICADO REHABILITACIÓN DE FIRMES E MELLORA DE INSTALACIÓNS EN RÚA CAMIÑO REAL, INCLUÍDO HONORARIOS	25.253,96€	66.365,87€	91.619,83€

b) Así mesmo achega conxuntamente o correspondente anexo III de adxudicación do investimento nos termos do proxecto modificado, no que se sinalan a data de adxudicación, figurando adxudicada en data posterior ao prazo previsto nas bases, e acompañando documentación indicando o retraso na adxudicación, incorporada ao expediente, e que en síntese se refire á excepcional situación na referente a prezos de materias, o que produxo que non se recibira oferta de ningunha empresa e encargaran proxecto modificado cun orzamento actualizado.

5. A base 16, indica que “...motivadamente poderá solicitar a modificación ou substitución do investimento, respectando en todo caso a mesma finalidade e por conseguinte o programa de gasto no que se incluíu o investimento (aplicación orzamentaria), sendolle igualmente aplicables os prazos de execución e xustificación fixados nestas bases. Se tendo en conta o anterior, ou outra circunstancia sobrevida, debidamente motivada, xurdira a necesidade de modificar ou substituír un investimento inicialmente incluído por outro, dita modificación/substitución será solicitada polo Concello con anterioridade ao vencemento do prazo outorgado para a adxudicación do mesmo,

achegando o novo proxecto e desglose do seu financiamento, e someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria. Debe respectarse a finalidade, e dicir a mesma aplicación orzamentaria”.

6. En relación coa adxudicación, fora do prazo inicialmente previsto, da referida obra, por parte do Concello indicado, cabe admitir a adxudicación, en virtude do establecido no artigo 70.3 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, (aplicable por analogía e supletoriamente segundo o previsto na propia base 12 e de conformidade co previsto na disposición adicional oitava da Lei xeral de subvencións) que determina que “...transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse a mesma ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada...”, trámite que non se ten efectuado, no marco do procedemento de xustificación da achega concedida. Tampouco está iniciado o procedemento para declarar a perda do dereito ao cobro da achega, toda vez que están en prazo para presentar a xustificación do investimento.

Neste sentido e como regra xeral, os interesados sempre poden aportar alegacións antes do trámite de audiencia, garantizado polo artigo 42 da LXS, no procedemento de reintegro que se aplica ao procedemento para declarar a perda do dereito ao cobro dunha subvención (artigo 89 do RXLS). Neste caso non se ten producido nin un nin o outro.

Doutra banda, e como argumento xeral aplicable, e reafirmando esta interpretación, o artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, sobre o cumprimento de trámites, na ordenación do procedemento, establece, “... Aos interesados que non cumpran o disposto nos apartados anteriores se lles poderá declarar decaídos no seu dereito ao trámite correspondente. Non obstante, admitirase a actuación do interesado e producirá os seus efectos legais, si se produce antes ou dentro do día que se notifique a resolución na que se teña por transcorrido o prazo”.. Neste caso concreto non se iniciou o trámite de declaración da perda do dereito ao trámite da adxudicación das obras incluídas no Plan Único de Cooperación 2021, e polo tanto debe entenderse que a actuación por iniciativa propia de adxudicar os investimentos indicados, incluídos no Plan único 2021, dos Concellos indicados, e a achega a esta Deputación, debe



entenderse presentadas e realizadas dentro do prazo do artigo 73.3 da Lei 39/2015 do 1 de outubro.

7. O Servizo de Contratación e Fomento ven aplicando en casos precedentes e semellantes ao exposto o principio de proporcionalidade e considera que procede aceptar a adxudicación fora do prazo inicialmente establecido, ou das súas prorrogas, de ser o caso, con base no establecido no artigo 37.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no artigo 28 da Ordenanza Xeral de subvencións da Deputación Provincial de Lugo ao amosarse unha actividade tendente ao cumprimento dos fins e obxectivos da subvención, polo beneficiario. A este respecto, cabe destacar o indicado no Informe da Intervención Xeral da Comunidade de Madrid, de 12 de marzo de 2013 que, en relación coa presentación fóra do prazo establecido dos documentos xustificativos polo beneficiario, establece que: “ ... acreditado como queda el cumplimiento de la finalidad de la subvención dentro del plazo establecido en la orden reguladora de la subvención objeto de discrepancia, y teniendo en cuenta lo anteriormente expuesto, a juicio de esta Intervención General, no procede imponer el reintegro de las cantidades abonadas al beneficiario por la aportación extemporánea de los documentos justificativos de dicho cumplimiento, en tanto que, la inobservancia de un requisito de carácter formal no puede implicar una sanción de consecuencias patrimoniales desproporcionadas para aquel, como sería el caso del reintegro de la totalidad de la ayuda. En este sentido se ha pronunciado la jurisprudencia más reciente, como es el caso de la sentencia de 29 de febrero de 2000 del Tribunal Superior de Justicia de Asturias, que confirma la no aplicabilidad del reintegro de la subvención por el beneficiario que incumple sus deberes formales de justificación (...)”.

8. A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.

Neste sentido, cabe mencionar que as bases do Plan único non indican consecuencias “fatales” ou de exclusión á circunstancia de non presentar en prazo as adxudicacións dos investimentos. Debe terse en conta o principio de “proporcionalidade” e a boa fe, xunto coa lealdade institucional, unido ao efecto útil do procedemento administrativo.

Ademais, na base 18 establécese que os investimentos deberán estar terminados na data límite do 31/10/2022, e a documentación xustificativa da súa execución deberá remitirse á Deputación antes do 15/11/2022, estando, polo tanto, en prazo para presentación de dita xustificación.

9. Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases do Plan Único 2021, é a Xunta de Goberno.

Conclusión

Visto o antedito, cos datos obrantes neste Servizo de Contratación e Fomento, e a xuízo do informante, e tendo en conta que non é finalidade da administración Provincial cernar procedementos canalizados para servir ao interese xeral, e moi especialmente no plan que nos ocupa, dando cumprimento á competencia e responsabilidade do ente Provincial de cooperar cos Concellos, e en consecuencia, non se observa un detrimento ou perda; non existe ningunha circunstancia competitiva na tramitación, senón unha ordenación procedemental para alcanzar os obxectivos do plan, sendo estas as pautas aplicadas, desde que se comezou a implantar e aplicar o plan único, de sorte que existen numerosos precedentes en distintas tramitacións dos plans precedentes, entende o que subscribe, que os trámites para a adxudicación, aínda que realizados con demora, non deben impedir, en aplicación do principio de proporcionalidade, que se acepte ditos certificados, toda vez que, ademais, está en prazo para a presentación da conta xustificativa, que será a que determine a cantidade a aboar aos concellos en función da xustificación



presentada, informase favorablemente a aceptación do anexo III relativo ao investimento indicado, inda que adxudicado fora do prazo inicialmente establecido e a modificación do proxecto do investimento relativo ao Concello de BURELA que se sinala, e que queda incluído no PLAN ÚNICO 2021.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Burela, e en consecuencia, aprobar a modificación do proxecto do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o plan único de Cooperación cos concellos 2021 modificado no investimento do concello indicado, dando conta ao pleno da devandita modificación na seguinte sesión ordinaria, quedando nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
BURELA	39	MODIFICADO REHABILITACIÓN DE FIRMES E MELLORA DE INSTALACIÓNS EN RÚA CAMIÑO REAL, INCLUÍDO HONORARIOS	25.253,96€	66.365,87€	91.619,83€

2º.- Aceptar á vista da súa xustificación o Anexo III relativo ao investimento nº 39 no que a adxudicación se ten realizada na data 12/07/2022 e correspondéndose ao proxecto modificado, tendo en conta que están en prazo para a presentación da conta xustificativa, que será a que determine a cantidade a aboar ao Concello.

3º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Primeiro.- *Proposta de aprobación do convenio interadministrativo plurianual de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Castroverde para colaborar nos gastos derivados do “Acondicionamento e ampliación do Centro Multiusos de Castroverde”, ano 2022 e 2023.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

”Asunto: convenio interadministrativo plurianual de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Castroverde para colaborar nos gastos derivados do “Acondicionamento e ampliación do Centro Multiusos de Castroverde”, ano 2022 e 2023.

Visto o escrito remitido dende o Concello de Castroverde (EXP-2022/PES_03/012856) documentación emendada e completada con posterioridade no que se solicita a formalización dun convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Castroverde para colaborar nos gastos derivados do “Acondicionamento e ampliación do centro multiusos de Castroverde”, por importe total de 615.000,00 € (no ano 2022: 307.500,00€ e no ano 2023: 307.500,00€) dos que 307.500,00 € serán financiados pola Deputación de Lugo (no ano 2022: 153.750,00 € e no ano 2023: 153.750,00 €) e 307.500,00 € serán financiados por AGADER ou polo Concello de Castroverde no suposto de que non resulte beneficiario da citada subvención solicitada (no ano 2022: 153.750,00 € e no ano 2023: 153.750,00 €), dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, emítese informe favorable en base ás seguintes consideracións:

Consideracións Xurídico Administrativas

- Lexislación de Réxime Local



Primeira.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).

Entre as competencias propias das Deputacións Provinciais, o artigo 36.1 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”. En aplicación do artigo 36, letra d) da LRBRL “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se lles encomenden.”

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALG ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas.

Segunda: A lexislación de réxime local é consecvente coa autoorganización a través de relacións de cooperación tal e como se desprende do contido do artigo 30 do TRRL ,ao sinalar que: “1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; (...); c) As subvencións ou axudas de calquera procedencia (...)” 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados 3.- Os servizos aos que debe acadar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...) 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun

sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Terceira: No artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, dispónse que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Cuarta.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

- Normativa Común sobre o Réxime Xurídico do Sector Público



Primeira: No art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro indicase que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Segunda.- O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que: “Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...).”

Este mesmo artigo 47, no seu punto segundo, sinala, respecto á tipoloxía dos convenios, que: “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas

ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

Terceira.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, recolle o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...).”

Cuarta.- No que respecta ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “(...) deberán incluír, polo menos:

- Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.*
- A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.*
- Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.*
- Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislacións orzamentaria.*
- Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento*



- *Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.*
 - *Réxime de modificación do convenio.*
 - *Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:*
 1. *Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.*
 2. *En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.*
- (...)"

Quinta.- Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:

1. *A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.*
2. *O seu impacto económico cuantificado.*
3. *A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.*
4. *Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei"*

Sexta: Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sétima.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades,

tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

Conclusiones

En base ao anteriormente exposto:

Primeira. As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación que se formaliza a través da sinatura deste convenio, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA (encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos).

Ademais, na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as Administracións Públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público e, polo tanto, con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece, no seu artigo 3.3, que: “Non se entenderá como exercicio de novas competencias: (...). f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran formularse máis alá do concreto reparto competencial nos distintos sectores da acción pública...” e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.



Segunda. Pola súa banda, o Municipio de Castroverde, consonte ao artigo 25 da LRBRL:

“O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: (...) d) en materia de infraestructura viaria e outros equipamentos da súa titularidade. (...)”.

Terceira. Existen títulos competenciais propios para articular e ordenar unha cooperación administrativa (art 9 da Lei 3/2012 de Galicia).

No convenio concretase o seu ámbito territorial e a entidade que debe asumir os seus resultados e reflicte o contido pautado no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro (LRXSP).

Cuarta. O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adjudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que: “As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes

formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual: (...)b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Quinta. Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “conveniendi causa”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións.

Sexta.- Consta informe de consignación orzamentaria, por importe de 153.750,00€ na aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento xeral .

A deputación adquire o compromiso de incluír no orzamento do ano 2023 a cantidade de 153.750,00 €, tendo en conta que se trata dun gasto plurianual e polo tanto a súa aprobación queda supeditada ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

Setima: O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta axuda e aprobación do convenio no que se instrumenta, é a Xunta de Goberno, en base ao establecido no artigo 59.8 e 18 do vixente regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020).

Así pois a proposta de aprobación do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos polo que se informa favorablemente .”

Polo anteriormente exposto, tendo en conta que o expediente foi fiscalizado de conformidade por Intervención, propono que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte Acordo:

1º.- Aprobado o texto do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Castroverde para colaborar nos gastos derivados do “Acondicionamento e ampliación do centro multiusos de Castroverde”, por importe total de 615.000,00 € (no ano 2022: 307.500,00€ e no ano 2023: 307.500,00€) dos que 307.500,00 € serán financiados pola Deputación de Lugo (no ano 2022:



153.750,00 € e no ano 2023: 153.750,00€) e 307.500,00 € serán financiados polo Concello de Castroverde (no ano 2022: 153.750,00 € e no ano 2023: 153.750,00 €).

2º.- Aprobar o gasto por importe de 307.500,00 € en concepto de achega económica por parte da Deputación para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, dos que 153.750,00 € serán financiados con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento do 2022.

3º.- Adquirir o compromiso de incluír no orzamento do ano 2023 a cantidade de 153.750,00 € tendo en conta que se trata dun gasto plurianual, e polo tanto o seu financiamento queda supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta relativa ao convenio da subvención directa excepcional a outorgar pola Excm. Deputación Provincial de Lugo á Asociación de Mulleres Empresarias da provincia de Lugo (AELU) para colaborar no financiamento dos gastos derivados da actuación “Feminino Rural” na anualidade 2022.*

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder á Asociación de Mulleres Empresarias da Provincia de Lugo (AELU), co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da actuación “Feminino Rural” polo importe de 40.000,00€, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

1. Informe da Unidade administrativa xestora no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

2. Existencia de convenio que instrumenta a subvención antes mencionada.

3. Declaración do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2022.

4. Proposta emitida pola Unidade Administrativa Xestora que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

5. Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do Convenio.

6. Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende encaixa no Anexo I sobre as liñas de actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2022, actualizado por acordo de Xunta de Goberno de data 4 de febreiro de 2022, do Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación de Lugo 2020 - 2022 (PES), aprobado por resolución de presidencia de data 2 de abril de 2020, na liña 4.1.c: Fomento da Promoción Económica e Social da Provincia de Lugo, da Área de Promoción Económica e Social - Emprego, xa que na mesma se recollen os obxectivos de consolidar o sector privado, afianzando a súa actividade, e xerar un desenvolvemento sustentable que dinamice o mercado laboral no territorio e xerar un tecido empresarial sólido no que se asenten as bases do futuro da provincia.

O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta subvención e aprobación do convenio no que se instrumenta é a Xunta de Goberno, en base ao establecido na base 24.4 das Bases de Execución do Orzamento Provincial para o ano 2022, que indican que o órgano competente para o outorgamento de subvencións de concesión directa de carácter excepcional é o Presidente, sempre que o seu importe sexa inferior a 15.000,00€ de xeito individual, sendo a Xunta de Goberno para importes individuais iguais ou superiores.



No presente caso, trátase dunha actividade englobada dentro da competencia da Deputación, que se refire á colaboración co beneficiario para o financiamento dos gastos derivados da actuación “Feminino Rural”. Esta actuación consiste en xerar un espazo de traballo común para facilitar as relacións de cooperación empresarial entre as participantes e crear novos nichos de emprego, así como crear unha gran rede de apoio ás iniciativas emprendedoras e empresariais para xerar ou manter os postos de traballo.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte Acordo:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e se outorgue a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 40.000,00€, a favor da entidade Asociación de Mulleres Empresarias da Provincia de Lugo (AELU), para sufragar os gastos derivados da actuación “Feminino Rural” na anualidade 2022, subvención incluída na Liña 4.1.c – Promoción económica e social da provincia de Lugo da Área funcional de Promoción Económica e Social, do Plan Estratéxico de Subvencións vixente da Deputación Provincial de Lugo.

2º.- Aprobar o gasto de 40.000,00€, con cargo á aplicación orzamentaria 2410.48911 do vixente Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo para o exercicio 2022, a favor da entidade Asociación de Mulleres Empresarias da Provincia de Lugo (AELU), para sufragar os gastos derivados da actuación “Feminino Rural” na anualidade 2022.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención e que se incorpora ao expediente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Proposta relativa ao convenio da subvención directa excepcional a outorgar pola Excm. Deputación Provincial de Lugo á Confederación Empresarial de la provincia de Lugo para colaborar no financiamento dos gastos derivados da actuación “CEL Expansión 2022” na anualidade 2022.*

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder á Confederación Empresarial de la Provincia de Lugo, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da actuación “CEL Expansión 2022” polo importe de 60.000€, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

1. Informe da Unidade administrativa xestora no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

2. Existencia de convenio que instrumenta a subvención antes mencionada.

3. Declaración do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2022.

4. Proposta emitida pola Unidade Administrativa Xestora que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

5. Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do Convenio.

6. Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende encaixa no Anexo I sobre as liñas de actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2022, actualizado por acordo de Xunta de Goberno de data 4 de febreiro de 2022, do Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación de Lugo 2020 - 2022 (PES), aprobado por resolución de presidencia de data 2 de abril de 2020, na liña 4.1.c: Fomento da Promoción Económica e Social da Provincia de Lugo, da Área de Promoción



Económica e Social - Emprego, xa que na mesma se recollen os obxectivos de consolidar o sector privado, afianzando a súa actividade, e xerar un desenvolvemento sustentable que dinamice o mercado laboral no territorio e xerar un tecido empresarial sólido no que se asenten as bases do futuro da provincia.

O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta subvención e aprobación do convenio no que se instrumenta é a Xunta de Goberno, en base ao establecido na base 24.4 das Bases de Execución do Orzamento Provincial para o ano 2022, que indican que o órgano competente para o outorgamento de subvencións de concesión directa de carácter excepcional é o Presidente, sempre que o seu importe sexa inferior a 15.000,00€ de xeito individual, sendo a Xunta de Goberno para importes individuais iguais ou superiores.

No presente caso, trátase dunha actividade englobada dentro da competencia da Deputación, que se refire á colaboración co beneficiario para o financiamento dos gastos derivados da actuación “CEL Expansion 2022”. Esta actuación consiste no financiamento de gastos de persoal, gastos correntes, gastos de realización de webinaros e demais gastos para a posta en marcha é funcionamento dun gabinete de asesoramento empresarial específico, denominado Gabinete Impulsa – Ext.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte a seguinte Acordo:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e se outorgue a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 60.000€, a favor da entidade Confederación Empresarial de la Provincia de Lugo, para sufragar os gastos derivados da actuación “CEL Expansión 2022” na anualidade 2022, subvención incluída na Liña 4.1.c – Promoción económica e social da provincia de Lugo da Área funcional de Promoción Económica e Social, do Plan Estratéxico de Subvencións vixente da Deputación Provincial de Lugo.

2º.- Aprobar o gasto de 60.000€, con cargo á aplicación orzamentaria 2410.48911 do vixente Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo para o exercicio 2022, a favor da

entidade Confederación Empresarial de la Provincia de Lugo, para sufragar os gastos derivados da actuación “CEL Expansion 2022” na anualidade 2022.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención e que se incorpora ao expediente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Cuarto.- *Aprobación, se procede, da Addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Viveiro para execución dos fins comúns consistentes na celebración da actividade “Promoción do Turismo: Realización de Actividades Turísticas e Culturais”, anualidade 2021.*

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto o convenio interadministrativo asinado entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Viveiro para a execución dos fins comúns consistentes na celebración da actividade “Promoción do Turismo: Realización de Actividades Turísticas e Culturais” no ano 2021, por importe de 30.322,60€, aprobado por Xunta de Goberno de data 27 de agosto do 2021 e, formalizado en documento administrativo de data 8 de setembro de 2021.

Visto o informe favorable do Servizo de Turismo á modificación das cláusulas primeira e cuarta contempladas no referido convenio interadministrativo de cooperación, por considerar que o convenio está vixente e que establece o procedemento para a súa realización.

Visto o informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, favorable ao texto da addenda e a conformidade do Servizo de Intervención.

A deputada que subscribe, propón, se procede, que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte Acordo:



1º.- Aprobar a Addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Viveiro para a execución dos fins comúns consistentes na celebración da actividade “Promoción do Turismo: Realización de Actividades Turísticas e Culturais”, anualidade 2021, achegada á presente proposta, polo que se modifican as cláusulas primeira e cuarta do convenio.

2º.- As demais cláusulas do convenio de colaboración, subscrito con data 8 de setembro de 2021, en tanto non queden afectadas por esta addenda, permanecerán invariables.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Quinto.- *Aprobación, se procede, da Addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Vilalba para execución dos fins comúns consistentes na celebración da actividade “FIV2021 Festival Independente de Vilalba”, anualidade 2021.*

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto o convenio interadministrativo asinado entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Vilalba para a execución dos fins comúns consistentes na celebración da actividade “FIV2021 Festival Independente de Vilalba” no ano 2021, por importe 262.492,90€, aprobado por Xunta de Goberno de data 10 de setembro do 2021 e, formalizado en documento administrativo de data 14 de setembro de 2021.

Visto o informe favorable do Servizo de Turismo á modificación das cláusulas primeira e cuarta contempladas no referido convenio interadministrativo de cooperación, por considerar que o convenio está vixente e que establece o procedemento para a súa realización.

Visto o informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, favorable ao texto da addenda e a conformidade do Servizo de Intervención.

A deputada que subscribe, propón, se procede, que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte Acordo:

1º.- Aprobar a Addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Vilalba para a execución dos fins comúns consistentes na celebración da actividade “FIV2021 Festival Independente de Vilalba”, anualidade 2021, achegada á presente proposta, polo que se modifican as cláusulas primeira e cuarta do convenio.

2º.- As demais cláusulas do convenio de colaboración, subscrito con data 14 de setembro de 2021, en tanto non queden afectadas por esta addenda, permanecerán invariables.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE AMPLIACIÓN DA CONSIGNACIÓN ORZAMENTARIA DO PROGRAMA “SABOREA A TÚA PROVINCIA”.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto os acordos da Xunta de Goberno dos días 25 e febreiro do 2022 e 22 de xullo de 2022, onde se adoptaron a aprobación do programa Saborea a Túa Provincia 2022 por un importe de 105.500 €.

Visto que existe consignación orzamentaria para desenvolver o programa Saborea a Túa Provincia 2022.

Visto o informe do Servizo de Turismo, onde se di



“1. A Deputación de Lugo de conformidade co establecido no artigo 36 apartado d) da lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL), asume competencias en materia de cooperación e administración dos intereses peculiares no territorio provincial, sen prexuízo das competencias que neste ámbito correspondan ás demais Administracións Públicas.

2. En sesión ordinaria da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo celebrada o día 25 e febreiro do 2022, adoptouse o acordo de aprobación do programa Saborea a Túa Provincia 2022 por un importe de 100.000 €

3. En sesión ordinaria da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo celebrada o día 22 de xullo do 2022, adoptouse o acordo de ampliación orzamentaria do programa “Saborea a Túa Provincia“ en 5.500 €, obtendo un total de 105.500 € para sufragar os gastos derivados da execución do programa “Saborea a Tua Provincia”

4. Saborea é unha iniciativa de carácter itinerante pensada para abarcar todo a provincia a través de nove propostas gastronómicas nos que se vai a desenvolver o programa. A estrutura de cada un dos nove eventos, que se celebrarán no mes de agosto, será similar, presentando catro espazos coas súas actividades, a saber:

- *Concertos, Charlas e Conferencias.*
- *Demostracións culinarias, Show Cooking.*
- *Escaparate de promoción de produtos.*
- *Degustación.*

Os nove puntos territoriais que acollerán as propostas gastronómicas están pensados para que toda a provincia sítase representada, alternando zonas de costa e de interior, zonas onde priman os produtos lácteos ou legumes, con zonas onde as carnes ou os mariscos/pescados son a base da nosa alimentación; desta forma, a raíz da alimentación, imos xerando un atractivo cara ao turista e os veciños.

Con Saborea, a Deputación de Lugo, ve unha oportunidade de impulsar o Pacto Verde da Unión Europea e a súa estratexia Da Granxa a Mesa, xa que os produtos cos que se traballará son

sostibles e representativos da nosa provincia. Como tamén cada proposta gastronómica constitúe unha divulgación do coñecemento do noso Know-how onde as técnicas e o saber dos chef ou dos artesáns que elaboran queixos, embutidos, viños e outros produtos.

5. Debido a que é necesario que nalgúns localizacións (localizacións que menor fluxo de visitantes teñen ao ser pequenas vilas, por ter poboación de avanzada idade ou non coincidir con outras celebracións nos Concellos correspondentes de xeito paralelo como son: Pantón, Chantada, Taboada ou Fonsagrada) e co fin de atraer a máis visitantes e facer máis atractivos os citados eventos, é necesario contratar grupos de música tradicional da provincia de Lugo, que poidan poñer un toque lúdico- festivo a cada un dos eventos das localizacións mencionadas co gallo de atraer a máis visitantes e que o programa Saborea a Túa Provincia poida ser un éxito rotundo en cada unha das localización do programa independentemente da súa ubicación ou data de celebración.

Estas actuación de grupos tradicionais non foron proxectadas nin contabilizadas nun principio xa que son necesidades que detectamos dende o Servizo de Turismo unha vez comezada a execución do citado programa, polo que este incremento de custes supón que a previsión de gasto inicialmente orzamentada para este programa fose insuficiente.

Fundamentos de Dereito

De acordo co establecido no artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, unha competencia propia da Deputación é a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, ao sinalar que é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na vixente redacción).



En virtude das competencias outorgadas as Deputacións Provinciais en materia de Turismo no artigo 3 da Lei 7/2011, de 27 de outubro, do turismo de Galicia, desenvolvidas no seu artigo 6, en concreto no seu apartado 1 a) “na promoción dos seus recursos turísticos e xeodestinos...”.

Informe

Polo anteriormente exposto dende o Servizo de Turismo, tendo en conta as novas necesidades xurdidas na execución do programa consideramos xustificado a modificación do importe total do programa “Saborea a Túa Provincia” para o ano 2022 aumentando en 1.500 € o orzamento, razón pola co programa Saborea a Túa Provincia, terá un orzamento total de 107.000,00 €.

Todo o que se informa aos efectos oportunos e sen menoscabo doutros criterios mellor fundados en dereito.”

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a ampliación orzamentaria do programa “Saborea a Túa Provincia”, tendo en conta as circunstancias indicadas por valor de 1.500,00 €

2º.- Aprobar o importe final a cantidade total de 107.000 € para sufragar os gastos derivados da execución do programa “Saborea a Túa Provincia””

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RESOLUCIÓN PROVISIONAL DE CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DESTINADAS AS COMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN DA ZONA ESPECIAL DE CONSERVACIÓN –ZEC- DA

SERRA DO XISTRAL (LIFE IN COMMON LAND) QUE APLIQUEN MODELOS DE XESTIÓN BASEADOS EN RESULTADOS DE CONSERVACIÓN.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Medio Ambiente, do seguinte teor:

“Tendo en conta que a Xunta de Goberno, en sesión celebrada o pasado 22 de abril de 2022 aprobou as bases e os modelos de solicitude que habían de rexer, no procedemento de concorrencia competitiva para concesión de subvencións destinadas ás Comunidades de montes veciñais en man común da zona especial de conservación –ZEC- da Serra do Xistral (Life in Common Land) que apliquen modelos de xestión baseados en resultados de conservación.

Tendo en conta que o extracto do acordo da Xunta de Goberno polo que se aproba a convocatoria foi publicado no *Boletín Oficial da Provincia* de 2 de maio de 2022.

Tendo en conta que de conformidade co punto 10 “Avaliación das solicitudes” das Bases da convocatoria de subvencións de referencia: “*O Servizo de Medio Ambiente, será o encargado de instruír e tramitar os respectivos expedientes.*”

Para tal efecto constituíuse unha Comisión de Avaliación que se encargou da avaliación das solicitudes presentadas e formulou unha proposta a través do órgano instrutor.

A devandita Comisión de avaliación estivo composta por tres funcionarios/as da Deputación de Lugo, a Interventora e o Secretario Xeral da Deputación Provincial. Ademais formaron parte desta comisión un técnico da Universidade de Santiago de Compostela (USC) e 1 técnico da Universidade da Coruña.

As regras de funcionamento da Comisión foron as recollidas nos artigos 15 a 18 da Lei 40/2015, do de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).



Os funcionarios da Deputación e técnicos da USC e UDC que se integraron na sinalada Comisión de avaliación foron designados por Resolución da Presidencia, que precisou quen ostentaría a Presidencia.”

Tendo en conta que, nesta convocatoria se presentaron as solicitudes incluídas nas listaxes que se acompañan, cuxos expedientes foron aceptados pola Comisión de Avaliación coa documentación que acompañan as solicitudes para participar na convocatoria en réxime de concorrencia competitiva.

Posto que para esta convocatoria os criterios empregados para a súa avaliación e valoración foron os recollidos na norma específica da convocatoria trala aprobación polo órgano competente.

Visto que, para estes efectos, achégase a listaxe na que inclúen os participantes nesta liña de subvencións prevista nas bases da convocatoria e que van rubricadas para o efecto.

NUMERO DE EXPEDIENTE	ENTIDADE
2022/CCP_01/000574	Montes Vecinales en Mano Comun de Vilacampa
2022/CCP_01/000579	Monte Vecinal en Mano Comun de Xestaca y Grandavella
2022/CCP_01/000584	CDade. de Montes Veciñais en Man Comun de "Laxamoura"
2022/CCP_01/000585	Comunidade Monte Vecinal Mano Comun Teniente y Xistral
2022/CCP_01/000586	Comunidade de Montes Vecinales en Mano Comun, Parroquia de Cadramón
2022/CCP_01/000588	Monte Vecinal en Mano Comun de la Parroquia de Balsa
2022/CCP_01/000589	Monte Vecinal en Mano Comun Miñotos
2022/CCP_01/000593	CDad. Veciños do Monte Man Comun Cabaleiro
2022/CCP_01/000594	Comunidade del Monte Vecinal en Man Comun Chamado Buyo de San Andrés de Baimente en el Termino Municipal de Vivero
2022/CCP_01/000602	Monte Vecinal en Mano Comun de Frexulfe

Táboa 1

Considerando que, con data 3 de agosto de 2022 se constituíu a Comisión de Avaliación, para informe de avaliación de solicitudes e formulación de proposta a través do órgano instructor de concesión de subvencións das solicitudes que figuran como tal nas listaxes que se achegan.

Tendo en conta que as subvencións concedidas suman os seguintes totais, de acordo coas liñas de axudas previstas e cos importes que se indican:

MVMC	HIC*s (ha)	€ sin bonus	Superficie (ha) de Zonas de Actuación con EC U1	Superficie (ha) de Zonas de Actuación con EC U2	Importe adicional	€ TOTALES CON BONUS ACCIONES c
MONTES VECINALES EN MANO COMUN DE VILACAMPA	305,53	33.657,12	21,94	12,46	2.662,08	36.319,20
MONTE VECINAL EN MANO COMUN DE XESTACA Y GRANDAVELLA	116,32	8.674,56	0	9,21	994,68	9.669,24
CDAD. DE MONTES VECINAIS EN MANO COMUN DE "LAXAMOURA"	66,09	3.732,48	7,26	5,73	1.054,44	4.786,92
COMUNIDAD MONTE VECINAL MANO COMUN TENIENTE Y XISTRAL	387,60	34.902,72	15,46	2,13	1.157,64	36.060,36
COMUNIDAD DE MONTES VECINALES EN MANO COMUN, PARROQUIA DE CADRAMÓN	1.175,74	122.589,12	10,79	3,99	1.078,32	123.667,44
MONTE VECINAL EN MANO COMUN DE LA PARROQUIA DE Balsa	269,59	19.915,32	0	0	0	19.915,32
MONTE VECINAL EN MANO COMUN MIÑOTOS	282,19	29.062,92	4,48	0	268,80	29.331,72
CDAD. VECIÑOS DO MONTE MANO COMUN CABALEIRO	125,08	11.914,92	16,53	15,54	2.670,12	14.585,04
COMUNIDAD DEL MONTE VECINAL EN MANO COMUN LLAMADO BUYO DE SAN ADRES DE BAIMENTE EN EL TERMINO MUNICIPAL DE VIVERO	79,59	7.487,28	10,52	0	631,20	8.118,48
MONTE VECINAL EN MANO COMUN DE FREXULFE	203,18	16.416,12	17,67	0,11	1.072,08	17.488,20
TOTAL	3.010,91	288.352,56	104,65	49,17	11.589,36	299.941,92

Táboa 2

Por todo o exposto,

Considerando que segundo o recollido na base 9. C). f) da convocatoria, cómpre indicar que logo da análise das solicitudes presentadas por parte das entidades que concorreron a este procedemento de outorgamento das subvencións no marco do proxecto "LIFE 16/NAT/ES/000707 – LIFE in Common Land –Xestionando en Común a Terra, un modelo sostible de conservación e desenvolvemento rural nas zonas especiais de conservación", que segundo se axunta na táboa seguinte (Táboa 3), a documentación presentada correcta pode considerarse como correcta. Facendo fincapé en que todas as Comunidades de Montes presentan os seus proxectos de ordenación forestal presentado e aprobado pola Consellería competente salvo a Comunidade do Monte Veciñal en Man Común de Buio de San Andres de Boimente en el termino municipal de Viveiro V27036383, que aporta o proxecto de ordenación forestal presentado ante o organismo correspondente pero pendente de resolución acreditando a entidade solicitante este particular segundo o establecido no apartado f) da base 9. C Presentación de solicitudes: "f) Proxecto de Ordenación Forestal do Monte Veciñal en Man Común, debidamente aprobado polo organismo



competente, que inclúa o Modelo de Xestión baseado en resultados de conservación. No caso de que o Proxecto de Ordenación Forestal estea pendente de resolución, deberá acreditarse a solicitude de aprobación do Proxecto de Ordenación ao órgano competente e que dito proxecto incorpora o modelo de xestión baseado en resultados de conservación.”

NUMERO DE EXPEDIENTE ENTIDADE	Anexo I	Anexo II	CIF da Entidade	DNI Represent.	DNI Secretario	Estatutos da Comuidade	Inscripción Rex. Montes	Proxecto de ordenación	Acreditación superficie
2022/CCP_01/000574 MONTES VECINALES EN MANO COMUN DE VILACAMPA	Correcto	Correcto	Presentado	Presentado	Presentado	Presentado	Correcto	Presentado	Correcto
2022/CCP_01/000579 MONTE VECINAL EN MANO COMUN DE XESTACA Y GRANDAVELLA	Correcto	Correcto	Presentado	Presentado	Presentado	Presentado	Correcto	Presentado	Correcto
2022/CCP_01/000584 CDADE. DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMUN DE “LAXAMOURA”	Correcto	Correcto	Presentado	Presentado	Presentado	Presentado	Correcto	Presentado	Correcto
2022/CCP_01/000585 COMUNIDAD MONTE VECINAL MANO COMUN TENIENTE Y XISTRAL	Correcto	Correcto	Presentado	Presentado	Presentado	Presentado	Correcto	Presentado	Correcto
2022/CCP_01/000586 COMUNIDAD DE MONTES VECINALES EN MANO COMUN, PARROQUIA DE CADRAMÓN	Correcto	Correcto	Presentado	Presentado	Presentado	Presentado	Correcto	Presentado	Correcto
2022/CCP_01/000588 MONTE VECINAL EN MANO COMUN DE LA PARROQUIA DE BALSA	Correcto	Correcto	Presentado	Presentado	Presentado	Presentado	Correcto	Presentado	Correcto
2022/CCP_01/000589 MONTE VECINAL EN MANO COMUN MIÑOTOS	Correcto	Correcto	Presentado	Presentado	Presentado	Presentado	Correcto	Presentado	Correcto
2022/CCP_01/000593 CDAD. VECIÑOS DO MONTE MAN COMUN CABALEIRO	Correcto	Correcto	Presentado	Presentado	Presentado	Presentado	Correcto	Presentado	Correcto
2022/CCP_01/000594 COMUNIDAD DEL MONTE VECINAL EN MANO COMUN LLAMADO BUYO DE SAN ADRES DE BAIMENTE EN EL TERMINO MUNICIPAL DE VIVERO	Correcto	Correcto	Presentado	Presentado	Presentado	Presentado	Correcto	Presentado	Correcto
2022/CCP_01/000602 MONTE VECINAL EN MANO COMUN DE FREXULFE	Correcto	Correcto	Presentado	Presentado	Presentado	Presentado	Correcto	Presentado	Correcto

Táboa 3

O Deputado Delegado que subscribe, propón a Xunta de Goberno, en base a proposta da Comisión de Avaliación:

1º.- Aprobar a resolución provisional de concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva destinadas ás Comunidades de montes veciñais en man común da zona especial de conservación –ZEC- da Serra do Xistral (Life in Common Land) que apliquen modelos de xestión baseados en resultados de conservación, que se mencionan nas listaxes recollidas

anteriormente seguindo as especificacións que consta na acta da Comisión de Avaliación celebrada o día 3 de agosto de 2022.

2º.- O presente acordo de carácter provisional terá carácter definitivo no caso de finalizar o tramite de audiencia sen que se formulen alegacións e procederase á publicación no BOP e na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.gal do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos.

3º.- Notificar o presente acordo provisional aos interesados de acordo co previsto na base 11 da convocatoria, concedéndolles un prazo de dez días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da publicación do citado acordo de resolución provisional no BOP, para presentar alegacións.

4º.- Como se puxo de manifesto durante a comisión de valoración, a Comunidade do Monte Veciñal en Man Común de Buyo de San Andrés de Baimente no termo municipal de Viveiro V 27036383, aporta o proxecto de ordenación forestal presentado ante o organismo correspondente pero pendente de resolución acreditando a entidade solicitante este particular segundo o establecido no apartado f) da base 9.c, das bases que rexen este procedemento. Antes de realizar o aboamento do importe que lle corresponde esixiráselle o compromiso a esta comunidade de Montes, de que no caso de que o proxecto de ordenación forestal non sexa aprobado polo organismo competente e aportada a documentación acreditativa na data límite 30 de setembro de 2023, a Comunidade procederá ao reintegro da cantidade percibida, mais os correspondentes xuros de mora dende a data de pago da subvención ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro ou, ata a data na que o beneficiario ingrese o reintegro, de producirse con anterioridade ao citado acordo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.



9.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores/as Deputados/as.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e trinta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.